

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 8, 51-59

Naquel tempo, díxolles Xesús ós xudeus:

– «Con toda verdade volo aseguro: quen fai caso da miña palabra, non morrerá endexamais.»

Entón dixéronlle os xudeus:

– «Agora si que vemos que tes o demo: Abrahán morreu e os profetas tamén, e ti dis: "Quen fai caso da miña palabra, non morrerá endexamais". ¿Seica es ti máis có noso pai Abrahán, que morreu? E os profetas tamén morreron ¿Por quen te queres facer pasar?»

Xesús respondeu:

– «Se eu me dou gloria a min mesmo, a miña gloria nada vale: pero quen me dá gloria é meu Pai, de quen vós dicides que é voso Deus. Pero non o coñecedes, mentres que eu si o coñezo. Se dixese que non o coñezo, sería un mentireiro, coma vós; pero eu coñezoo e axústome á súa palabra. Voso pai Abrahán encheuse de ledicia na esperanza de ver o meu día; viuno e alegrouse.»

Dixéronlle entón os xudeus:

– «¿Aínda non tes cincuenta anos e xa viches a Abrahán?»

Xesús contestoulles:

– «Con toda verdade volo aseguro: antes que Abrahán chegase a existir, "Eu son".»

Entón colleron pedras para llas tiraren, pero Xesús agachouse e saíu do Templo.